



Doña Katherinie Varela Fernández, en nome da Agrupación municipal do Partido Popular de Monforte, ó abeiro da lexislación vixente, presenta ante o pleno da corporación municipal a seguinte proposta para a súa aprobación:

MOCIÓN PARA A INSTAR O GOBERNO LOCAL A CREACION DUN PLAN DE REHABILITACIÓN DO CAMPO DA FEIRA E O ARRANXO INMEDIATO DO FIRME.

O estado no que se atopan as instalacións do Campo de Feira son unha mostra da falta de equidade no reparto das inversións urbanas na cidade. Tras oito anos de goberno socialista, a imaxe de este recinto segue a ser deplorable:

- Naves en estado ruinoso
- Enormes cúmulos de grava
- Mobiliario urbano en desuso como luminarias o contedores.
- Firme cheo de Fochancas con cúmulos de auga cando chove.

Tendo en conta que neste lugar se celebra a feira da cidade dous días de cada mes, deberíase coidar moito máis a imaxe do recinto; ademais de poderlle máis uso as instalación cunha correcta reforma e rehabilitación.

Pero es que ademais, é necesario atravesar o recinto do Campo da feira para poder entrar no Punto Limpo da cidade, e a partir da metade do tramo,



onde se atopan as naves escanastradas, o estado do firme é unha auténtica vergoña: Os vehículos pasan cunha enorme dificultade debido as fochancas, existen vaías amarelas colocadas sen xeito algún, e os cúmulos de grava que hai a metade do camiño confunden a calquera.

Esta iniciativa xa foi presentada polo noso partido no mes de Xuño do ano pasado e casi un ano despois nada se fixo. O estado é incluso peor, dado a situación penosa do firme, polo que vémonos obrigados a traer o pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta de acordo.

1. Que se adquira o compromiso dun plan de rehabilitación integral do campo da feira que inclúa a paralización de uso como almacén de mobiliario municipal e grava.
2. Que se proceda á maior brevidade posible ó arranxo do firme do tramo que conduce a entrada do Punto Limpo.